

VIERNES, 30 de octubre de 2009

REPORTAJE: LUCES

Tal como fomos

A Fundación Caixa Galicia expón a mirada apaixonada de Ruth Matilda Anderson, a fotógrafa estadounidense que nos anos 20 descubriu un país que non se quería

XOSÉ MANUEL PEREIRO | 30 OCT 2009

Archivado en: Comunidades autónomas Fotografía Administración autonómica Artes plásticas Sector óptico Galicia Exposiciones Administración pública
Arte Agenda cultural España Industria Cultura

A fins do século XIX, España era para o mundo civilizado un país aínda mergullado na lenda. Entre os moitos espíritos ávidos de romanticismo que atraeu estaba o rico herdeiro norteamericano Archer Milton Huntington, ata o punto que dedicou a súa fortuna á creación en Nova York en 1904 da Hispanic Society of America, un completísimo museo artístico e etnográfico e un ambicioso centro de estudos sobre a cultura española. Tan completo e ambicioso que, ademais de coleccionar obras de arte, impulsou expedicións fotográficas para recoller o cerne daquela paisaxe e daquela humanidade. Unha daquelas expedicionarias, Ruth Matilda Anderson (1893-1983), fixo dúas viaxes a Galicia entre 1924 e 1926, nos que tirou máis de sete mil imaxes e mercou arredor de 2.800 de varios fotógrafos galegos. Ruth Mathilda Anderson. Unha mirada de antano é unha selección daqueles fondos, realizada en colaboración pola Hispanic Society e a Fundación Caixa Galicia, que se expón desde onte e ata febreiro na sede coruñesa da institución. Son 493 fotos, o 80% delas inéditas, pero sobre todo é unha ollada perspicaz e apaixonada a un mundo que nin os propios galegos da época valoraban, e probablemente tampouco os de hoxe.

"Non piden ningunha remuneración, salvo o privilexio de mirarnos"

Os viaxeiros que percorrían a España misteriosa nin se achegaban

A fins do XIX, Galicia era directamente "terra incógnita", e non soamente para os estranxeiros. Os viaxeiros que percorrían a España misteriosa nin se achegaban, quitando excepcións como George Borrow, obrigado polo seu labor misionero. Foi precisamente un libro de Borrow o que fixo prender en Huntington o interese por España. O mozo multimillonario visitou en efecto o romántico sur da Península, pero tamén descubriu que o norte "ten unha riqueza de tradicións e de interese local insuperable mesmo no Sur. Cada rexión presenta un carácter nacional distinto e especial", comentou no seu caderno de viaxes A Note-Book in Northern Spain, no que definía Galicia como unha terra "de chuvia e néboa, onde o ambiente é exquisito e os hoteis coñecidos polo malos que son, habitada pola máis ruda raza e a máis pobre, os restos dun dos Apóstolos e o peor dos gobernos", segundo transcribe José Luis Cabo no estudio O proxecto galego de Ruth Matilda Anderson que fixo no seu día para o CGAI.

Para documentar aquela terra húmida de bo ambiente, malos hoteis e peores gobernos, a Hispanic Society contratou a Ruth Mathilda Anderson. Era unha moza de Nebraska que estudara fotografía na prestixiosa escola de Clarence H. White, pero non tiña experiencia profesional ningunha. Quizais por iso, cando desembarcou en Vigo o 7 de agosto de 1924 acompañábaa seu pai, fotógrafo veterano. Segundo Cabo, o Vigo daquela, inzado de

orgullosos edificios urbanos non lle interesou. "En tódolos seus itinerarios, Ruth buscou sempre un país incontaminado, seguindo en certa forma un criterio folclorista e impresionista, escapando coa súa cámara dos escenarios comúns ó resto das cidades occidentais. A diferenza, é dicir, a personalidade, do pobo galego atopouna nas xentes do campo e do mar e nos oficios urbanos artesanais ou de menor categoría, moi na liña dos fotografías contemporáneos norteamericanos e coincidente co obxectivo definido pola Hispanic Society: a plasmación do que había de xenuíno e verdadeiro no pobo e nas terras de Galicia".

Filla e pai percorreron Galicia toda durante un ano xusto. Segundo analiza o historiador Ramón Villares no catálogo da exposición, "a Galicia á que chegaban os Anderson non cumpría exactamente as súas expectativas, pero isto non quita un adarme de grandeza ao seu traballo, a idea máis cabal que nos podemos facer hoxe da sociedade da Galicia dos anos vinte é a dun pobo que se atopaba nun proceso de transformación. Isto significa que había síntomas de cambio e de adaptación ás grandes pautas da modernidade". Calquera dificultade que imaxinemos sobre as andanzas de dous norteamericanos na Galicia dos anos 20, da comida ao transporte pasando polo idioma, debe ser pouca en comparación coa realidade, sobre todo tendo en conta que, aínda por riba, os Anderson procuraban o país menos modernizado. Por exemplo, conta no catálogo Patrick Lenaghan, da Hispanic Society of America, comisario da exposición xunto con Miguel Anxo Seixas Seoane, no Pindo chegaron de noite a unha fonda que cheiraba grandemente a peixe. Pola mañá descubriron que ademais de pensión era unha conserveira. "Aproveitando as circunstancias, fixéronlle cinco fotografías. Mais as súas tribulacións no lugar persistiron. Tiveron que pedir a factura tres veces e, cando por fin llela entregaron, non tiña sentido ningún". En cada sitio que chegaban eran, obviamente, a atracción da xente, que describían como asombrosamente disposta. "Como non piden remuneración ningunha polos seus servizos, salvo o privilexio de mirarnos, podémonos permitir perfectamente a súa colaboración", escribía a fotógrafa.

Ruth Anderson era unha muller curiosa e perfeccionista no seu traballo, ata o punto de que, recordaba Cabo, "nunha fotografía en Corcubión do xogo da chave transcribiu mesmo parte das regras: 'Cuando se toca a la cruz, cuenta 8. La peja (sic) que está más cerca a la raya vale un tanto; la que toque a la raya en la tierra vale dos tantos'. E na foto dun xantar no Hotel Comercio de Betanzos especifica que o que comen é caldo. Máis lle valía esa meticulosidade, porque o xefe, mórter Huntington, guiábaa Atlántico por medio. Desde pedirlle imaxes "dunha pratería situada ao abeiro dun lateral da porta de Praterías, que paga a pena fotografar", a cousas xenéricas "como o calzado de madeira que se usaba cando ía mal tempo", indica Lenaghan. Tamén lle pedía aclaracións sobre termos idiomáticos que non lle soaban, como "ostritas" ou "longeirones". A xa fogueada fotógrafa abandonou Galicia o 25 de agosto de 1925 e volveu o 14 de novembro, acompañada dunha axudante, Frances Spalding, e equipadas desta vez dun coche (un vehículo feito coa carrozaría dun Fiat, a batería dun Chevrolet e o chasis dun Ford, ao que chamaban Nuestra Señora de la Purísima Concepción, describe o comisario neoiorkino). Estiveron ata o 31 de maio do ano seguinte fotografando o que lles quedara pendente na Coruña e Pontevedra, antes de seguir ata Ourense e de aí a León. Volvería a España, pero non a Galicia.

"En ningún outro caso máis ca o de Galicia o material é tan rico. As sacadas en Galicia teñen unha aparencia romántica precisamente debido a unha habilidade case disimulada, a cal lle permitiu rexistrar eses lugares, antano centros de poder e hoxe sombras do que unha vez foran. Para un espectador actual, que pode observar as construcións logo de custosas rehabilitacións, as imaxes aínda teñen máis encanto", asegura Patrick Lenaghan. O medio milleiro de fotos que el e Seixas seleccionaron móstranse agrupadas en cinco apartados: relixión, campo, feiras e mercados, traballos e oficios, e gando.

Ata a mostra que se pode ver na Coruña, o único que se coñecía dos milleiros de fotos que garda a Hispanic Society, moitas nin sequera reveladas, eran as 700 incluídas no libro *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*, publicado pola sociedade norteamericana en 1939. Aquele inmenso labor de documentación pouca influencia tivo na sociedade galega, e mesmo na fotografía galega, quitada o anecdótico retrato que Ruth Anderson fixera en Muxía a un adolescente afeccionado á fotografía, que era -pero sobre todo sería- Ramón Caamaño Bentín, falecido hai poucos anos despois de toda unha vida coa cámara. "O fundamental ensaio de Ruth M. Anderson non tivo na práctica transcendencia algunha en Galicia, tanto pola coincidencia da súa data de publicación co último ano da Guerra Civil como polo forzado illamento cultural posterior. Só algúns eruditos, como Luís Seoane deron mostras de coñecer o seu traballo", analizou Cabo. Tamén Archer Milton Huntington é hoxe en Galicia pouco máis ca rúa que o concello coruñés lle dedicou en 1958 no daquela afastado barrio de Labañou.